

Acta Reunión Ordinaria Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 18 de maio de 2017

Hora: 12:20

Lugar: Sala de Xuntas 3.2

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Gumersindo Feijoo Costa

Julia González Álvarez

David Losada Carril

Francisco Omil Prieto

José Varela Pet

M^a Carmen Palacios Oubiña

Puntos a tratar:

1. Aprobación de actas de reunións anteriores.
2. Informe sobre o cumprimento do Plan Executivo de Calidade.
3. Informe de seguimento das Accións de Mellora.
4. Aprobación do cuestionario de inserción laboral.
5. Quenda aberta.

1. Aprobación de actas de reunións anteriores.

Apróbanse por asentimento as actas das reunións dos días 8 de setembro de 2016, 24 de xaneiro de 2017 e 10 de marzo de 2017.

2. Informe sobre o cumprimento do Plan Executivo de Calidade.

O Director comeza este punto expoñendo cuestións de índole xeral. Con respecto ás enquisas, as de incorporación de novos estudantes se fixeron no prazo previsto (a excepción do Máster en Big Data), as de carga de traballo se executaron no primeiro semestre e se están a preparar as do segundo e, para as de adquisición de competencias, solicitouse realimentación aos coordinadores de grao coa intención de podelas executar o próximo día 15. Para este último caso cómpre delimitar os grupos de interese, que ben poderían ser os catro seguintes: alumnos de último curso, egresados dos tres últimos anos, profesores e empregadores (empresas que ofreceron prácticas externas e/ou que teñan presenza no comité consultivo). En canto á enquisa de inserción laboral, a nivel de máster aínda falta por determinar o grupo de alumnos implicado.

Pasando xa ao capítulo de Información Pública, o Director constata que na web as seccións das distintas comisións están desfasadas e netamente desorganizadas: os enlaces dende as titulacións non son uniformes, faltan actas, etc. Como aspecto positivo, indica que os resultados das enquisas de novo ingreso xa están publicados e que pronto estarán dispoñibles os das enquisas de carga de traballo (os dos cuestionarios de competencias e de inserción laboral quedan para máis adiante).

No relativo ao seguimento de Sistemas de Garantía de Calidade, o Director lembra que se están a revisar os procesos PC-04 e PC-11. O deseño actual destes procesos foi xa remitido aos poñentes para a súa pertinente análise.

3. Informe de seguimento das Accións de Mellora.

O Director cede a palabra aos coordinadores de titulación para que poidan referir a evolución das Accións de Mellora da súa responsabilidade. O Coordinador do GrEQ sinala que xa foi incluíndo as comprobacións necesarias para o peche de accións; informa de que todas elas están en marcha e algunhas incluso executadas, aínda que non dispón de información sobre dúas accións que se atopan baixo control da Área de Calidade e Mellora de Procedementos (ACMP). O Coordinador do MEnA destaca que no seu caso manexa tres categorías de accións (de título, de centro e da ACMP) pero que non ten noticias relativas ás do último grupo. O Coordinador do Máster en Big Data limitase a comentar que se está a traballar en cinco accións de factura propia. A Coordinadora do MEQBio indica que só se topa pendente da activación do comité consultivo e que o resto das accións xa están en curso. O Director lembra a importancia de adquirir o hábito de integrar progresivamente na Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión (AASX) toda aquela información de interese que se vaia producindo.

4. Aprobación do cuestionario de inserción laboral

O Director comunica que o novo deseño do cuestionario supón un cambio bastante grande. Se activará en canto se dispoña da lista de alumnos de máster aos que deba ser dirixido. As modificacións están orientadas a acadar que o procesamento dos datos sexa automático, xa que a ferramenta non é quen de facer agrupacións. De seguido describe os catro bloques dos que se compón o cuestionario e pide aos asistentes que fagan as súas aportacións.

O Coordinador do GrEQ pide que se inclúa unha pregunta sobre Aula Profesional, o cal é aceptado. O Coordinador do MEnA aclara que a intención foi aproximar o deseño do cuestionario ao que reflicte o informe de Inserción Laboral da ACSUG. A proposta da Coordinadora do MEQBio, decídese recuperar a pregunta sobre a universidade de procedencia que xa figuraba no anterior formato.

Para rematar este punto, apróbase por asentimento o novo cuestionario de inserción laboral adoptando as variacións previamente descritas. A enquisa será executada en canto se dispoña do listado de egresados dos últimos cinco anos e da relación de estudantes actualmente matriculados

5. Quenda aberta

O Coordinador do GrEQ fai unha breve intervención relativa á acreditación de IChemE para grao e máster.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 13:00 h.